


ABROLLA A LINGUA



DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA
EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA
IES ALEXANDRE BÓVEDA
VIGO
XUÑO 2023

POSTAIS DE NADAL



“Levanta, sacode a poeira,
dá volta por cima”
Volta por cima, Maria Bethânia

“Gosto de sentir a minha língua roçar
a língua de Luís de Camões”
Língua, Caetano Veloso

Sumario

POSTAIS DE NADAL.....	2
TOLOSCONTOSCURTOS.....	7
Teresa.....	7
Primeiro amor.....	9
SABOROSO SON DOS VERSOS SALGADOS.....	12
Para ti, Home Galego.....	12
Vivo nesta pequena cidade.....	16
Poema de desamor (e un pouco de amor).....	18
II CONCURSO DE COPLAS DE ENTROIDO.....	19
TODOS OS NOSOS PROFESORES.....	19
OS MESTRES DO NOSO INSTI.....	20
COPLAS PARA O NOSO IES ALEXANDRE BÓVEDA.....	22
I CERTAME DE MICRORRELATOS "QUEN DIXO MEDO!?".....	24
UNHA FIGURA NA NA NOITE.....	24
NON ESTÁS SÓ.....	25
NÓS.....	26
DEBUXOS DE <i>ATRANCO NO BANCO</i> , de Manuel Núñez Singala.....	27
POSTAIS DE NADAL.....	31

TOLOSCONTOSCURTOS

Teresa

Jorge Silva Troncoso (1º BAC C)

A luz da posta de sol entraba pola fiestra da cociña de Teresa, de forma que se reflectía no seu cabelo cheo de canas, mais brillante. A muller tiña arredor duns oitenta anos e medía un metro e medio, tiña una constitución larga, sobre todo nas pernas. Na face tiña moitas engurras, alén dalgúns negróns e feridas varias, debidas ás súas caídas. Teresa desprazábase cun bastón a todos os sitios, mais case nunca saía da súa casa.

A anciá cortaba en anaquiños unhas cenouras e botábaas nunha gran pota que quecía a lume brando. O intenso arrecendo espaxíase por toda a casa, mentres que Teresa observaba fixamente o seu home, que se encontraba apoiado no marco da porta da cociña, calado e inmutábel. Despois duns minutos, a luz das derradeiras horas do día desaparecía devagar, a cea xa estaba lista.

Con esforzo, a muller levou a comida até unha ampla e longa mesa no salón, baixo o incesante ollar do seu home, que sentou na cadeira que se encontraba nun dos bordos deste grande e acolledor moble, o cal contrastaba coa soidade que

se sentía na casa. Despois de rematar todos os preparativos para a cea, a muller sentou no outro bordo da mesa, de forma que vía de fronte o seu home. Ela comezou a comer, mais o seu marido seguía a ollar en fite sen lle facer ningún caso á cea que tanto lle custou preparar á súa muller.

Teresa rematou de cear e volveu mirar detidamente o seu home. A muller non tiña brillo na faciana nin nos ollos, a súa enerxía esgotárase moito tempo atrás. Teresa levantouse da súa cadeira e dirixiuse á cociña coa cálida compañía do seu caxato desgastado ao longo do tempo, xa que fora un agasallo do seu marido anos atrás. A feble anciá colleu unhas píbulas dun caixón. Na caixa puña "Risperidona", un medicamento para tratar a esquizofrenia. Teresa encheu unha cunca de auga e, mentres comezaba a chorar, tomou a píbulas xunto a varios grolos de auga. Posteriormente, caeu ao chan de xeonllos e, coa súa man na boca, tentou afogar os seus xemidos de agonía. A muller non coñecía con certeza de onde viña a súa dor psicolóxica. Podía ser a culpabilidade por non tomar a medicación durante varios días co obxectivo de ver o seu home mediante alucinacións, a soidade coa que vivía cada día, o abandono que sufriu por parte dos seus fillos, ou talvez a imposibilidade de volver falar co home co que compartiu todo na súa vida. Teresa pregúntase todos os días que fixo mal no pasado para sufrir toda esa dor e impotencia.

TOLOSCONTOSCURTOS

Primeiro amor

Iria Santos Romero (1º BAC D)

Nese momento, ambos os dous tiñamos trece anos. Eramos uns nenos comparados con agora, que temos dezasete e dezaseis. Puxéronnos na mesma clase e sentabamos xuntos en francés. Axudábasme moito, eras moi boa. A túa personalidade atraíame. Eras cálida e tiñamos gustos similares. O meu corazón comezou a latexar por ti, mais non era recíproco. Eras unha parva e gustábache un sandeu, mais eu era outro babeco namorado dunha parva. A vida non podía ser unha utopía, chegou a pandemia.

Xa non te vía, porén, seguíamos a falar, aínda máis que antes. Esa corentena cambiounos. Logo chegou o verán, o momento do ano que máis aborrecías e aborreces. Estivemos case seis meses sen nos ver, até que nos volvemos ver en terceiro, mais xa non estabamos na mesma clase. Xa non falabamos tanto. Ti tiñas os teus amigos e eu tiña os meus. Víaste feliz e pensei en te facer máis feliz. Díxenche canto te amaba en febreiro, un día solleiro e frío. Eu ía cuns vaqueiros e cunha chaqueta negra; ti levabas un xerseí branco cuns pantalóns negros. Víaste triste, dixérasmo unha vez, e repetíchelo:

- *Síntoo.*

Partíchesme o corazón, mais grazas a ti, mellorei o que non mellorei na corentena. Xa non falabamos, mais víaste feliz. Eras feliz aos teus quince anos, até que chegou maio. A finais dese mes, cambiaches o teu fermoso sorriso en tristes bágoas. Cada vez que te vía, estiveras chorando. Logo sóubeno. Os teus únicos amigos déronche as costas, abandonáronte e traizoáronte. Pasou o verán e voltei a verte.

Camiñabas *sozinha* polos corredores, cos ollos vermellos que adornaban a túa pel pálida e lixeiras bolsas moradas debaixo dos teus ollos azuis. Así foi por un par de días, até que che falei outra vez e, aos poucos, volviches sorrir. Recuperamos aquela conexión tan boa que tiñamos e o meu corazón volveu latexar por ti. Un día collín a túa man coa escusa de xogar con ela e non che importou xa que me considerabas o teu mellor amigo. Empezamos a saír. Comprabas doces e un café, o teu café con esencia de vainilla. Es boa persoa, pagabas pola miña comida e, cando quería pagar pola túa, dicías que non facía falta. Un día, o dez de marzo exactamente, saímos dar unha volta. Pasamos o día rindo. Volvemos comprar doces e compartímolos mentres riamos. Ese día pasou axiña. Cando anoiteceu acompañeite á casa. De camiño, tomei valor e collinte da man. Aceptáchelo. O meu corazón batía cada vez máis rápido. Cando chegamos á túa casa, sentamos nun banco e comezamos a facer brincadeiras sobre ser noivos.

Tres semanas ou dez segundos. Ao final gañei eu e, antes de irme a casa, xa eramos parella.

SABOROSO SON DOS VERSOS SALGADOS

Para ti, Home Galego

Victoria Suárez Santos (4º ESO B)

Home Galego

Para ti, Home Galego:

que es o reflexo desta terra,
da súa xente, historia e cultura,
a melancolía que embala a alma,
nel brilla o sol e o mar en calma

Para ti, Home Galego:

Que nas túas palabras hai unha poesía,
nos teus silencios unha sabedoría,
e na túa mirada, unha tristeza,
que só quen o coñece de verdade aprea.

Para ti, Home Galego:

Firme e imperturbábel ante o vento,
pero sei que, no teu interior,
agochas moitos anos de sufrimento
Interior docemente mancado, aspecto frío é so un concepto.

Para ti, Home Galego:

Que es o meu orgullo,
con esa forza que nace da túa terra,

onde o sol queima con máis ardor,
e o diluvio fai que todo reverdeza.

Para ti, Home Galego:

Que es o meu enleamento,
con esa prominencia que emerxe da túa terra,
onde a luz reverbera con maior forza,
e a auga fai que todo refluxa con candor.

Para ti, Home Galego:

Que a túa presenza para miña alma é como un bálsamo,
unha brisa fresca que acaricia a miña pel,
home profundo, auténtico e sincero,
que me tes amándote do xeito máis puro.

Para ti, Home Galego:

Que es unha terra por explorar,
unha alma que agarda ser redescuberta
e un corazón por amar,
Ti, que es un concepto á vez de todo e nada.

Para ti, Home Galego:

Que as túas verbas atópanse carregadas de matices e
significado,
cada verbo, cada consonante, cada son.

Unha rara beleza neste mundo.

Ninguén pode dicir onde está o teu corazón.

Para ti, Home Galego:

Que cando falas, as túas frases son poesía,
son como unha melodía que me embriaga,
e lévame a lugares que non son capaz de imaxinarme estar
e pensalo faime desafogar un mar

Para ti, Home Galego:

Que é triste e aburrido imaxinar un mundo sen ti,
déixame admirar o teu ollar tímido e as túas sucadas mans,
e o teu enigma profundo e inescrutable.

Tan opostos e tan iguais.

Para ti, Home Galego:

Que es a miña raíz,
unha árbore que medra vigorosa e espléndida,
con raíces profundas e unha alma libre,
ven a observar o mundo dende os meus luminosos ollos.

Oh, Home Galego. Por que rin de ti?

Non o xulgedes.

Vostedes que non saben de amor, compromiso, dedicación,
lealdade,
respecto, paciencia, xenerosidade, comprensión nin de perdón.
Vostedes que só coñecedes a superficialidade, a punta do que
se asoma o que

realmente é a vida e que ignorades todo sobre o corazón.

Vostedes que son falsamente felices e os seus cuestionábeis
valores.

Para ti, Home Galego:

Prométoche que a estación perfílase nalgunhas lúas máis,
arraigada ao teu xardín, ao teu singular universo.

Sei que aborreces sentir a area aloumiñando os teus pés.

Pecha os teus cansados ollos e emprendamos o noso camiño
a Ítaca.

Para ti, Home Galego:

Que os meus pés xa comezaron a desangrar por seguir o teu
camiño,
ninguén dixo que fora unha ruta sinxela, máis non tes medida
nin prezo.

Somerxinme tanto no teu abismo,
que xa non entendo nin de espazo, tempo, distancia ou peso.

SABOROSO SON DOS VERSOS SALGADOS

Vivo nesta pequena cidade

Nerea Pallarés Barca (2º BAC A)

Ao nacer os meus pés bicaron a herba
as viñas
as leiras
bicaron ortigas
e rubideiras
bicaron camiños de pedra

Logo brincaron
cara a novas terras
Mentres eles bicaban
eu coidaba vivendas
Bicaron calzadas
parqués
estradas
cafés

E bicaban
e bicaban
e bicaban
e eu esquecíame de miña nai da cara

E bicaban
bicaban
bicaban
eu ficaba para atrás e xa non vía nada

Bicaron fame
bicaron tristeza
camiñaron por dentro
da miña cabeza

Bicaron estrelas
esquefas
vivencias
e penas

Enganosa inmensidade
eu sempre fun reclusa
da miña pequena cidade

Pois aprendín a camiñar,
a cociñar,
aprendín alemán,
mais os meus pés endexamais
me ensinaron a bicar.

SABOROSO SON DOS VERSOS SALGADOS

Poema de desamor (e un pouco de amor)

Ginés Amoedo Alén (1º BAC E)

Non sandará o tempo a miña ferida
se me asfixia esta paixón.

Non sandará se morre a miña vida,
se, amado, amar ameí amor.

Se me lembrás a ledicia e a dor
cando as bágoas me arden.

Se te esqueces sempre da túa promisión
e non deixo de te amar.

Décheslle esperanzas e esperanzou,
mais eran tristes aloumiños.

Décheslle ilusións e ilusionouse
o meu corazón, paseniño.

Deixeite entrar en min. Confianza plena.

Mais tiñas a chama.

Non vía e esfolláchesme a roseira.

Mira, ti, como sangra!

II CONCURSO DE COPLAS DE ENTROIDO
CATEGORÍA 1ª (1º e 2º ESO)

TODOS OS NOSOS PROFESORES

Carlota Estévez, Sofía Molinero e Maya Estévez (1º ESO E)

Todos os nosos profesores
son demasiado estrambóticos,
porque a todos nós nos miran
coma lagartos exóticos.

O de castelán díxonos
que puxeramos acentos
e púxonos un exame
o vinte e dous de decembro.

Coa de lingua ten coidado
di ben cales son os temas,
porque se non no caderno
riscará os teus esquemas.

A de plástica advertiunos
que nos executaría,
limparía ben as probas
e precioso quedaría.

Se vas a educación física
non fales polo corredor.
Se o fas, faino baixiño
porque hai clases ao redor.

Moito coidado á saída
unha desbandada verás,
todos berrando e empurrando
e por fin te liberarás.

II CONCURSO DE COPLAS DE ENTROIDO

CATEGORÍA 2ª (3º e 4º ESO)

OS MESTRES DO NOSO INSTI

Sandra Caamaño Tubío (4º ESO A)

Os mestres do noso instituto

Os mestres do noso insti
dan clases con moito brío,
ábrennos todas as ventás
e cóllenos moito o frío.

Nós non lles dicimos nada
por non meternos nun lío,
mais téñense que decatar
cos esbirros e arrepíos.

Din que é por mor da COVID,
cousa da que eu me río,
xa que é só unha escusa
e que non quedemos durmidos.

E eles na sala de mestres
con cafés e aperitivos
todos xuntiños descansan
sen importarlles o virus.

Tamén están as tarefas
que envían con agarimo,
coma se a súa materia
fose a única que vimos.

Cando din “poucos deberes”

ai, eu xa non me fío
sei que moito vou traballar
e éntrame un bo calafrío.

Non sei que hei de facer máis,
só de pensalo suspiro,
eu teño que aprobar,
o curso colga dun fío.

Todo isto que vos conto,
dígoo con moito cariño,
que non lles pareza mal,
de corazón volo digo.

II CONCURSO DE COPLAS DE ENTROIDO
CATEGORÍA 3ª: (BACHARELATO)

**COPLAS PARA O NOSO IES
ALEXANDRE BÓVEDA**

Marcos Álvarez Lago e Iria Martínez Casal (1º BACH A)

Comezamos estas coplas
cunhas queixas ben sinxelas
isto é calefacción?
Levo enriba moitas pezas!

Aínda con bacharelato
toca saír ao recreo,
todos morrendo de frío
non podemos estar dentro.

Cando estaba na primaria
tiña un patio xigantesco,
hoxe nun aparcadoiro
isto é un sacrilexio!

O ximnasio deste centro
iso si estaba noxento!
Agora que está arranxado
Raposo dorme contento.

Esta fonte do instituto
poderían reparala
aseméllase a un lago
está toda inundada.

Esquécense dos de ciencias
para facer excursións,
todos xuntos para o Porto
nós directos ao salón.

Rematamos estas coplas,
falariamos varias horas
moito hai que mellorar
neste instituto de Coia.

I CERTAME DE MICRORRELATOS "QUEN DIXO MEDO!?"

UNHA FIGURA NA NA NOITE

Maya Sáez Sandoval (1º ESO E)

Xa era a véspera da festa preferida de Xoán, o Samaín. Deitouse cedo e estaba a ler cando, de súpeto, viu na fiestra unha figura negra, que miraba queda ao baleiro, ausente. A figura traspasou a parede levitando no ar. Era cada vez máis grande, máis aterradora. Cun movemento brusco fixou en Xoán a mirada e estendeu un brazo, un brazo mofento, cunha man arrepiante. O neno soltou un berro agudo, coa boca chea de sangue. Nese intre, Xoán espertou, envolto nunha suor fría. Escapóuselle un sorriso. Xa lle tardaba contarllelo aos amigos!

NON ESTÁS SÓ

Rafael Fragata Moreira (3º ESO PDC)

Estou fóra da miña casa, mirando unha sombra estraña na fiestra da cociña. Vexo o meu pai lendo o xornal no salón, sen decatarse da súa presenza. A sombra abre un caixón, colle un coitelo e xírase cara a min sorrindo e levando o dedo índice cara aos beizos en sinal de silencio. Comezo a berrar para avisalo de que escape, pero non me oe, está demasiado concentrado. Entón, desesperado, decido mandarlle un WhatsApp: "Non estás só". Véxoo ler a mensaxe, levántase estrañado. De súpeto, apágase a luz... e escoito un alarido de terror.


NÓS

Karol Karol Muñoz Vázquez (1º BACH E)

Esperto pola noite, escoito un alento preto de min, mais de onde vén? Abro os ollos e, de súpeto, silencio absoluto, só vexo escuridade no cuarto. Grandes ollos redondos emerxen das sombras, míranme fixamente, e sinto calafríos a correr polas veas, o meu cabelo ergueito e todo o meu corpo conxélase. Quero fuxir, mais non podo. Eses ollos cravados nos meus, coma espiñas achegándose a min. Berrar tampouco podo, estou inmovilizada. Está diante de min. Eses ollos hipnotízanme e quero formar parte dela. Agora somos unha soa persoa. Queres formar parte de nós? Espérote na noite, serás o seguinte.

DEBUXOS DE ATRANCO NO BANCO, de Manuel Núñez Singala

Lara Bustamante Febreiro (1º ESO E)




Lelena Pérez Chorén (1º ESO D)




**DEBUXOS DE ATRANCO NO BANCO, de Manuel Núñez Singala
Marcos Ocampo Illanes (1º ESO C)**




Maya Sáez Sandoval (1º ESO E)



**DEBUXOS DE ATRANCO NO BANCO, de Manuel Núñez Singala
Naiara Dopazo Castro (1º ESO E)**



Uxía Romero Yáñez (1º ESO D)



POSTAIS DE NADAL



IES ALEXANDRE BÓVEDA

VIGO

